

TES QUE SABELO!



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

ANO 2 - NÚMERO 7
XANEIRO 2018

Editado polo Grupo Municipal
do BNG

Rúa Leicures, 14-1º

36680 A Estrada

aestrada@bng.gal

618790646

bngdaestrada.wordpress.com

twitter.com/bngaestrada

facebook.com/bngdaestrada

**O BNG DA ESTRADA PROPÓN
RECONVERTER O
AMBULATORIO EN CENTRO
DÍA UNHA VEZ ENTRE EN
FUNCIONAMENTO O NOVO
CENTRO DE SAÚDE**

**A AMPLIACIÓN DA AG-59
ANUNCIADA POLO ALCALDE
É UNHA TOMADURA DE PELO
E UNHA CHAPUZA**

DEPUTACIÓN 3, CONCELLO 1

Páxina 2 >>

AS PRIORIDADES DA ESTRADA NON PASAN POR AMPLIAR A ALAMEDA



Xosé Magariños, Tino Regueira e Susana Camba nun reparto polo comercio local

Hai un ano, cando o PP deu a coñecer o proxecto EDUSI, dotado con 6 millóns de fondos europeos, dicíamos que non era social nin sostíbel nin participativo. O EDUSI era e é un documento que só serve para enmascarar os proxectos deseñados por unha grande multinacional, **Idom**, que busca facer o agosto coa complicidade do goberno do PP.

A Estrada ten outras prioridades, entre as que se atopan por exemplo a **mellora da rede de abastecemento de auga na vila, o saneamento do rural**, abrir novas rúas, mellorar a rede de sumidoiros, os problemas dos nosos sectores produtivos principais, o sector gandeiro e o móbel, e por suposto, o esmorecemento xeral do noso rural... Todos estes problemas teñen encaixe dentro dos obxectivos fixados para estes fondos europeos da EDUSI, porén **o prioritario para o alcalde e Idom é ampliar a Alamenda que se vai levar 1,5 millóns de euros dos 6 dos fondos europeos, máis os 1.794.635,39 € da expropiación dos terreos.**

O EDUSI é un deseño da empresa Idom, cousa que xa non agochan nin sequera nos PowerPoint de presentación do proxecto. A participación social e a transparencia que debía rexer de principio a fin o investimento de 6 millóns de euros brilla pola súa ausencia, e todo se reduce a sentarse a carón dos executivos de Idom e do grupo municipal e aplaudir as súas ocorrencias.

Esta forma de proceder levan ao BNG a **abandonar a mesa do EDUSI**, porque se ignoran propostas que presentaron os colectivos, mentres se anuncian proxectos que non se debaten nin se discuten en ningún sitio, e o que é peor, que non son necesidades prioritarias para Estrada.

PROPOÑEMOS RECONVERTER O AMBULATORIO EN CENTRO DÍA

A POSTA EN MARCA DO NOVO CENTRO DE SAÚDE PERMITIRÍA APROVEITAR ESTE ESPAZO PARA ATENDER ÁS PERSOAS DEPENDENTES DO NOSO CONCELLO

Desde o BNG propoñemos que esta infraestrutura se reconverta nun centro de día, unha **necesidade urxente e amplamente reclamada por parte de moitos veciños e veciñas**. Consideramos que o actual centro de saúde reúne as condicións que permiten acondicionalo ás esixencias dun centro de día. Isto permitiría atender ás persoas dependentes do noso concello, que agora mesmo vense na obriga de viaxar até Cerdedo para recibir este servizo público, incumpríndose así un dos principios da propia Xunta que indica que as persoas dependentes deben recibir este servizo no propio entorno no que viven.

Os centros de día son centros xerontolóxicos socio-terapeúticos que sirven de apoio ás familias, en concreto ás mulleres, que son as que soportan habitualmente este tipo de atencións no ámbito familiar.

A AMPLIACIÓN DA AG-59 ANUNCIADA POLO ALCALDE É UNHA TOMADURA DE PELO E UNHA CHAPUZA

Para o BNG da Estrada a ampliación da autovía AG-59 (Santiago-A Estrada) anunciada polo alcalde e a Xunta de Galiza “é unha nova tomada aos veciños e veciñas da Estrada e unha chapuza que dilapidará 24 millóns de euros nun traxecto de 3 quilómetros que non solucionará os problemas de comunicación que ten o noso concello, ao contrario, complicaraos notabelmente”.



A ampliación convertería Pontevea nun funil

Segundo explicou o concelleiro do BNG, Xosé Magariños, “esta chapuza **converterá Pontevea nun auténtico funil**, xa que todo o tráfico da AG-59 desembocará no centro deste lugar do concello de Teo, nunha pequena semirotonda cun stop, que será un auténtico quebradeiro de cabeza para os vehículos lixeiros e xa non digamos para o tráfico pesado”. “Desde logo”, engadiu Magariños, “isto non é mellorar a seguridade vial e facilitar a comunicación entre Santiago e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes, como di o anuncio da Xunta, é empeoralo”.

O concelleiro nacionalista afirma que “se o alcalde e o PP queren facer algo que sexa realmente útil para A Estrada, o lóxico sería que esta ampliación atravesese o río Ulla enlazando coa PO-841”



DEPUTACIÓN 3, CONCELLO 1

O departamento de viais da Deputación de Pontevedra que dirixe o **nacionalista Uxío Benítez** desbrozou en 2017 até en 3 ocasións os 141 km de viais provinciais da Estrada, marcando unha diferenza considerábel co anterior goberno da Deputación e xa non digamos co propio concello.

A Estrada contará este ano con 1.581.116 € do Plan Concellos da Deputación para investimentos en infraestruturas.